



RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE PUBLICAN AS LISTAXES PROVISORIAS DE SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO MARCO DA CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A ASISTENCIA E PARTICIPACIÓN NO CURSO INTENSIVO COMBINADO (BIP), *THE PRINCIPLES OF GOOD GOVERNANCE AND REGIONAL DEVELOPMENT* NO MARCO DA ACCIÓN DE MOBILIDADES DE CURTA DURACIÓN DO PROGRAMA ERASMUS

Mediante a resolución reitoral de 19 de decembro de 2023 publicouse a convocatoria de axudas para a asistencia e participación en cursos intensivos combinados (BIP). Despois de finalizar o período recollido nesta convocatoria para a presentación de solicitudes, no BIP ***THE PRINCIPLES OF GOOD GOVERNANCE AND REGIONAL DEVELOPMENT*** e feita a revisión da documentación achegada, esta reitoría

RESOLVE:

1. Admitir a trámite todas as solicitudes presentadas e publicar a relación provisoria no Anexo I.

As persoas interesadas poderán emendar os erros e a falta de documentación no prazo de **5 días hábiles**, que comezarán a contar ao día seguinte da publicación desta resolución. Estas alegacións deberán presentarse na [sede electrónica da Universidade de Vigo](#) mediante unha [instancia xenérica](#) (SXER - Instancia xenérica PAS/PDI) dirixida á Oficina de Relacións Internacionais (ORI).

Transcorrido este prazo, publicarase unha resolución coas listaxes definitivas de solicitudes admitidas e excluídas. Esta resolución poderá ser recorrida perante o órgano que a dite.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O REITOR,

Por delegación R.R. do 31/10/2023 (DOG 10/11/2023)

A Vicerreitora de Internacionalización

María Isabel Del Pozo Triviño